



Concello do Grove

TEXTO REFUNDIDO DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR ACTIVIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS E SOCIAIS, PRESTACIÓN DE SERVICIOS E ASISTENCIA A ACTOS OU ESPECTÁCULOS PÚBLICOS. (VIXENTE)

- **Texto íntegro publicado no BOPPO nº172 de data 05/09/2008.**
- **Modificación do artigo 5 publicado no BOPPO nº81 de data 30/04/2021 (a través da disposición adicional primeira).**

ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, ambolos dous do Texto Refundido da Lei Reguladora das facendas Locais aprobados polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e no exercicio da potestade regulamentaria recoñecida a este Concello, na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial, polos artigos 4, 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establécese o prezo público por actividades formativas, que se rexirán pola presente Ordenanza.

ARTIGO 2.- CONCEPTO

Os prezos públicos regulados nesta ordenanza constitúen prestacións patrimoniais de carácter público que serán satisfeitas polos usuarios que voluntariamente soliciten a realización de actividades formativas de carácter cultural e deportivo ou sociais, ou ben a prestación de servicios ou asistencia a espectáculos ou representacións de carácter cultural, deportivo ou social organizadas polo Concello do Grove, tales coma talleres, cursiños, seminarios, excursións e demais de natureza análoga, sempre que as mesmas non sexan de solicitude ou recepción obrigatoria polos usuarios e non estean reservadas a entidade local.

ARTIGO 3.- OBRIGADOS Ó PAGO

Están obrigados ó pago deste prezo público, os beneficiarios das actividades anteriores.

ARTIGO 4.- ESTABLECEMENTO E CONTÍA

O establecemento e contía do prezo público será a que fixe en cada caso a Xunta de Goberno Local por delegación do Pleno da Corporación, dacordo ó establecido no artigo 47 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A estos efectos, con carácter previo ó inicio da actividade, a Xunta de Goberno Local,

Concello do Grove

Praza do Corgo, 1, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986 730 975. Fax: 986 731 358



Concello do Grove

en base ó informe previo da Intervención Municipal acerca dos custos soportados polo Concello, establecerá as tarifas concretas de cada actividade, dacordo co artigo 44 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Poderanse fixar prezos públicos que non cubran o custo do servizo ou actividade prestado, dado que nestes casos concorren razón sociais, culturais ou de interese público que así o aconsellan, ó perseguir con estas actividades a consecución do mandato establecido no artigo 44 da Constitución española de promoción e tutela do acceso á cultura.

Acordadas as tarifas de cada actividade, o acordo será exposto no Taboleiro de Anuncios da Concello a efectos da súa publicidade.

ARTIGO 5.- NORMAS DE XESTIÓN

A obriga do pagamento deste prezo público axustarase ao que se dispoña no acordo polo que se fixe o establecemento e contía do prezo de cada actividade, servizo ou asistencia.

En defecto de regulación expresa, aprobarase a listaxe de usuarios por unha resolución da Alcaldía-Presidencia e nesta indicaras o prazo en que aos usuarios dos respectivos servizos lles será cargado en conta o importe que proceda.

Para os supostos de devolución de recibos, por analoxía aplicarase o réxime dos ingresos de dereito público, emitíndose liquidacións cos períodos de cobramento establecidos no artigo 62 da LXT 58/2003.

DISPOSICIÓN FINAL.-

A presente Ordenanza entrará en vigor dende que se aprobe definitivamente en Pleno e se publique completamente o seu texto no BOP de Pontevedra e transcorra o prazo prvisto no artigo 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local.